



D^a. M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, funcionaria de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, posto de Asistencia de Secretaría-Intervención, adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra e no exercicio da atribución das funcións reservadas a funcionarios/as de administración local con habilitación de carácter nacional do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urxente de data 16 de decembro de 2025, e segundo resulta do borrador da acta desta sesión e coa salvedade que establece o artigo 206 do R.D. 2568/1896, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

"3º.- RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2026 (EXP.: 156/2025)

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. secretaria-interventora, quen da conta someramente do informe que elabora, con data 11/12/2025, en relación coa alegación presentada por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no período de información pública, no rexistro electrónico da Deputación Provincial de Pontevedra, que abrangue ao Orzamento 2026 e a Relación de do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, así como da proposta da Presidencia en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte:

"PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2026.

EXPEDIENTE: 156/2025

Visto o escrito de alegacións e reclamacións presentado por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no período de información pública, no rexistro electrónico da Deputación Provincial de Pontevedra, con data 21/11/2025, que abrangue ao Orzamento 2026 e a Relación de do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Visto o informe emitido pola secretaria-interventora, con data 11/12/2025, en relación coas devanditas alegacións e reclamación:

"INFORME DE SECREATARÍA-INTERVENCIÓN

ASUNTO: ALEGACIÓNS FORMULADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO ORZAMENTO 2026 (EXP.: 156/2025) E A MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (EXP.: 175/2025)





En cumprimento do ordenado pola Presidencia e do preceptuado nos artigos 54 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 173 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 3.3.a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, en base aos seguintes:

1. Antecedentes de feito.

1º.- O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urxente, de data 8 de abril de 2021, determina ".../... como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal de acordo co disposto na Memoria e nos termos que na mesma se recollen.

3º.- En consonancia co anterior, a subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa. .../..."

2º.- A Presidencia mediante Resolución de data 30-05-2021, Nº 2021-0036, RESOLVE:

" 1º.- Dar por rematado, con data 31 de maio de 2021, o contrato subscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF A80173115) da xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de intervención en emerxencias dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento; sen prexuízo da continuidade do procedemento de reversión en tramitación, ao abeiro cláusula Trixésimo primeira do Prego de Clausulas Administrativas que rexe neste contrato en concordancia co artigo 283 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Iniciar, con data 1 de xuño de 2021, a xestión directa do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa subrogación do persoal de intervención, derivado da sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo, segundo figura no texto e no ANEXO I da "Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra", coas condicións laborais que viñan gozando a 21 de maio de 2020, data do acordo da creación da Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta a xestión directa, causando alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no código de conta de cotización do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento con data 1 de xuño de 2021".

3º.- O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra





Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria de data 24 de abril de 2024, acorda declarar o cambio de criterio da cualificación xurídica da natureza da relación laboral do persoal subrogado, pola sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, co carácter de indefinido non fixo pasando a persoal laboral fixo do Consorcio Provincial de Pontevedra de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nos termos da STC 270/2022, de data 28-01-2022; non modificándose as restantes condicións de traballo.

4º.- No BOP Nº 72 de data 15-04-2025, publícase o I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

5º.- Previa tramitación do correspondente expediente, o Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria e urxente de data 13 de xuño de 2025, acorda aprobar con carácter definitivo a valoración e a Relación de Postos de Traballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.; publicándose, en cumprimento do artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25 de xuño de 2025, nº 120.

6º.- O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria de data 31 de outubro de 2025, acorda aprobar a modificación da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo para 2026, aprobada definitivamente polo Pleno do Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025, coa creación de catro (4) postos de traballo no Grupo Profesional, Grupo I, Mandos, na categoría de xefes de quenda-condutor/a; tomando as puntuación de valoración e o catálogo de postos de traballo coas funcións e tarefas de cada un deles, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., aprobada definitivamente, conxuntamente coa RPT, polo Pleno deste Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025; en virtude da proposta da Xerencia e a documentación elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L.

7º.- O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión ordinaria de data 31 de outubro de 2025, acorda aprobar provisionalmente o Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio económico 2026, cos anexos de persoal e documentación que preceptúan o artigo 165 a 168 do RD Legislativo, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; dando traslado do .expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento Deputación Provincial de Pontevedra, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8º.- En cumprimento do establecido no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o expediente de modificación da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo para 2026, estivo exposto ao público durante os vinte días hábiles transcorridos desde o día 11 de novembro ao día 9 de decembro de 2025, ámbolos dous incluídos, anunciando esta exposición por edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 215, de data 10 de novembro de 2025 e no taboleiro de anuncios dixital deste Consorcio

9º.- En cumprimento do establecido no artigo 169 do RD Legislativo, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o expediente de aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado no Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026, aprobado inicialmente polo Pleno deste Consorcio con data 31 de outubro de 2025 e





polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, como ente de adscrición, con data 7 de novembro de 2025, estivo exposto ao público durante os quince días hábiles transcorridos desde o día 11 de novembro ao día 1 de decembro de 2025, ámbolos dous incluídos, anunciando esta exposición por edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 215, de data 10 de novembro de 2025 e no taboleiro de anuncios dixital deste Consorcio.

1º.- No período de información pública, con data 21/11/2025, nº WEB2025080452, D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza presenta escrito de alegacións que abranguen a ambos expedientes.

Emito o seguinte informe:

2. Lexislación aplicable.

- Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobado polo Decreto 36/2011, do 17 de febreiro.
- Artigo 1, 43, 45 e Disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Os artigos 31 e seguintes, 69 e 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. (TREBEP)
- Artigo 90 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 126, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril. (TRLRHL)
- Os artigos 38 e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. (LEPG)
- O artigo 165 e ss do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3. Análise das reclamacións e alegacións presentadas.

- D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, reclama no seu escrito de alegacións a natureza funcional dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios, en base aos seguintes fundamentos:

I. Sobre a procedencia das reclamacións e alegacións, artigo 169 e 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

II. Bloque normativo específico sobre o carácter funcional dos bombeiros

III. Incompatibilidade da actual RPT e das dotacións orzamentarias coa normativa básica:

1. Vulneración do artigo 172 da TRR e do bloque normativo básico (DF 3ª LBRL, DA 3ª DR 896/1991, artígo 92 LBRL, 9.2 TREBEP e 22 LEPG)

2. Descoñecemento da reserva funcional de funcións de autoridade e potestade pública.

Concluindo que a RPT e o orzamento do Consorcio, na medida en que consolidan esta configuración non se axustan á legalidade vixente, concorrendo o motivo de reclamación do artigo 170.2.ª) TRLRHL e o fundamento suficiente para a modificación da RPT prevista no artigo 202 da Lei 2/2015.

IV. Principios de igualdade, mérito e capacidade. Sinala o alegante que a cualificación dos postos como laborais do persoal operativo resulta contrario aos principios de igualdade, mérito e capacidade do artigo 23.2 da CE.





A vez que solicita:

1. Se teñan por formuladas en tempo e forma as reclamacións contra a aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2026 e alegacións contra a aprobación inicial da súa Relación de Postos de Traballo, ao amparo dos artigos 169 e 170 do TRLRFL e do artigo 202 da Lei 2/2015.

2. Estime as reclamacións e alegacións e na súa consecuencia:

a) Modifique a RPT do Consorcio de forma que as prazas do persoal operativo do servizo de extinción de incendios e salvamento se cualifiquen como postos de persoal funcionario da subescala de Servizos Especiais.

b) Adapte o Capítulo I do Orzamento 2026 e o cadro de persoal do Consorcio a citada configuración funcional.

c) Notifique expresamente ao comparecente o acordo que resolva estas reclamacións e alegacións, coa expresión dos recursos administrativos e contencioso-administrativo que procedan.

Antes de entrar a considerar ó fondo das alegacións e reclamacións, cabe considerar que segundo establece o punto 1 do artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán a condición de interesados aos efectos de formulación de alegacións:

"a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.

b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.

c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios".

Engadindo o punto 2 que "Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que estea previsto."

Pola súa parte o artigo 202.2 da Lei de emprego público de Galicia, somete a información pública por un prazo non inferior a vinte días o acordo de aprobación inicial da relación de postos de traballo.

En relación coa reclamación da natureza funcional dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios, o primeiro que cabe considerar é a natureza xurídica dos postos de traballo obxecto de alegación, para o que cabe formular as seguintes consideracións en base aos propios antecedentes do Consorcio e fundamento legais:

Primeiro. A lexislación básica dos empregados públicos establece unha reserva en exclusiva para os "funcionarios públicos" das "funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses





xerais do Estado e das Administracións Públicas”, concretando e ampliando esta reserva a favor dos funcionarios da Administración local o artigo 92.3 LRBRL ás funcións públicas que “impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que en desenvolvemento da presente Lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función”.

No concreto ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 22 LEPG atribúe exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

Concretando no punto 2 que: “En virtude do previsto na alínea anterior, as relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario:

- a) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal. En particular, enténdese que implican exercicio de autoridade as funcións de policía administrativa, salvo as excepcións que se poidan establecer por norma con rango de lei.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control. En particular, quedan reservados ao persoal funcionario aqueles postos con funcións que impliquen a realización de tarefas de fiscalización interna e control da xestión económico-financeira e orzamentaria.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesouraría.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.
- e) Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.
- f) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.”

Segundo. A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, que segundo sinala no artigo 1, ten por obxecto regular “o sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar en caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.”, no artigo 43.1 establece que o persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia “estará formado tanto por persoal de carácter profesional como por voluntarios. A dirección e coordinación das actividades reguladas na presente lei corresponderá ao persoal profesional.”, engadindo o punto 2 que “O persoal profesional é aquel que desempeña a súa actividade mediante **vínculo laboral** con algún dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, **con independencia do réxime xurídico de xestión dos mesmos**.”

Regulando no artigo 45 a relación xurídica dos membros dos grupos operativos, sinalando no punto 2 con respecto do persoal profesional que, “O persoal profesional será retribuído ou indemnizado polos servizos prestados ao amparo da presente lei en conformidade co que establezan **as normas reguladoras do seu estatuto xurídico**.”

Terceiro. Pola súa parte o punto 2 do artigo 5 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, que se constitúe para dar cumprimento ao disposto nas disposicións adicional terceira e transitoria terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece que “Constitúe obxecto do consorcio a execución das competencias do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento, que se lles atribúen na lexislación vixente aos entes





consorciados, mediante a xestión e coordinación e, no seu caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, **por calquera das modalidades de xestión previstas na lexislación**".

Sinalando o artigo 21 dos Estatutos que, o persoal ao servizo do Consorcio estará estar integrado por, entre outro:

"(...)

b) O persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, **excepto en caso de que se opte pola prestación do servizo en réxime de xestión indirecta.**

(...)"

Esta normativa cabe poñela en relación coa Disposición adicional que sinala que "O consorcio iniciará o seu funcionamento cos parques comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña." e a Disposición transitoria Primeira, que regula a integración dos consorcios comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña nos seguintes termos "No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor deste decreto os consorcios comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña deberán desenvolver a correspondente sesión plenaria para a súa disolución e integración no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, anexando os medios técnicos e os recursos cos que contan. Os bens, dereitos e deberes contractuais vixentes asumidos polos consorcios comarcais, previa integración, quedarán asumidas polo consorcio provincial."; o que veu a determinar a natureza xurídica da relación laboral do persoal operativo ao servizo deste Consorcio Provincial.

Cuarto. A Natureza xurídica da relación laboral do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios do no Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento plásmase:

- Nos cadros de persoal dos sucesivos Orzamentos.

- No I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 15/04/2025, nº 72, e que segundo se recolle no artigo 2, referido ao ámbito funcional, "...é de aplicación ao servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento que se presta a través dos parques de Bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento" e no artigo 3, referido ao ámbito persoal, "...regula as condicións laborais de todas as persoas traballadoras, calquera que sexa a súa forma de **relación laboral**, que preste servizos operativos de prevención, extinción de incendios e salvamento nos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento".

- Na Relación de Postos de Trballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobada con carácter definitivo polo Pleno en sesión de data 13 de xuño de 2025 e publicada, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25 de xuño de 2025, nº 120.

Neste senso cabe subliñar, segundo se desprende do referido en relación coa natureza xurídica do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, no que se inclúe o persoal operativo do Consorcio, que :

1. Nin na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio





queda determinado que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal.

2. Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que non se recoñece a reserva das funcións de autoridade, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos, a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias.

Polo que pode concluírse que a natureza xurídica dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios deste Consorcio encádrase na clasificación dos empregados públicos recollidos na lexislación vixente.

Sinalado o anterior, as alegacións e reclamacións formuladas ao expediente de aprobación do Orzamento e Cadro de Persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2026, non responder a ningún dos supostos de reclamación dos contemplados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regula este procedemento.

Por iso e a vista do que antecede, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe eleva as seguintes propostas de acordos ao Pleno do Consorcio previo ditame da Comisión Especial de Contas:

1º.- Desestimar as alegacións e reclamacións presentadas, no período información pública, por Dº Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, con data de rexistro de entrada na Deputación Provincial de Pontevedra 21/11/2025, nº WEB2025080452, en relación a:

- Relación de Postos de Traballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, por canto a mesma non caben as alegacións ao ter sido aprobada con carácter definitivo con data 13/06/2025 e publicada, en cumprimento do artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 25/06/2025, nº 120.

- Expediente de aprobación da modificación da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo para 2026, por canto:

1. Nin na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio queda determinado que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal.

2. Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que non se recoñece a reserva das funcións de autoridade, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos, a favor do





persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias.

Polo que a natureza xurídica dos postos de traballo do persoal operativo adscrito á área de prevención e extinción de incendios deste Consorcio encádrase na clasificación dos empregados públicos recollidos na lexislación vixente.

- Expediente de aprobación do Orzamento e Cadro de Persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2026, sinalado o anterior, ao non responder a ningún dos supostos de reclamación dos contemplados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regula esta este procedemento.

